

FESTIVAL DE NADAL

Como cada ano no mes de Decembro, alumnos e mestres adicamos xuntos un tempo gratuíto para preparar diferentes actividades que presentamos a toda a comunidade educativa presente o día 22, víspera das vacacións do Nadal.

Iniciamos a xornada coa benvida por parte dos presentadores. Este ano metéronse moi ben no papel tres alumnos de sexto: Antonio, Paula e Manuel.



Presentáronnos en primeiro lugar aos máis pequenos da casa.

Infantil comezou coa obra de teatro titulada **“O xardín das letras”** e o finalizar esta, bailaron e moveron o esqueleto o ritmo dunha canción moi divertida titulada **“A peque marcha”**.



Os nenos e nenas de primeiro e segundo de Primaria representaron a obra que levaba por título **“A clínica dos contos”** e de seguido sorprendéronnos cunha moderna canción de Rosanna **“En Navidad”**



O grupo de 3º e 4º escenificáronnos dúas cancións navideñas.

A primeira levaba por título “os sinos estao a tocar” e a segunda “Cun sombreiro de palla”



A clase de 5º de Primaria adicáronnos unha canción que levaba por título “Menino Jesús do Ceu”

Os maiores da casa despedíanse do centro e presentaron unha escenificación un chisco atípica do Nadal que levaba por título “¿Onde vai o neno?”.



Ao longo dela precisaron da participación do público para que lles leran os desexos para o novo ano, e remataron a última escena cun villancico moi coñecido cuxo título era o mesmo que o da obra, invitándonos a participar no estribillo.



Neste día non podían faltar os vilancicos en Inglés.

Este ano interpretaron **MERRY CHISMAS** os nenos de infantil e o primeiro ciclo de primaria e **JINGLE BELLS**, o resto dos nenos,



Non podíamos rematar a xornada sen facer a entrega de premios aos gañadores deste ano no concurso de tarxetas navideñas.

A participación foi numerosa pero só cinco persoas foron as premiadas:

Cristina Martínez Lorenzo e Pedro

Villarino Pérez (Infantil), ***Rocío***

Yáñez González (Primeiro ciclo),

Juan José Rodríguez Pérez (Segundo

ciclo) e ***Alberto Arias Pardo*** (tercer

ciclo). ¡Noraboa aos cinco!



¡BO NADAL A TODOS!